

ACTUACIÓNS EN CURSO NO VALEDOR DO POBO

Gran parte das actuacións que a valedoría mantén en proceso de execución gardan relación coas liñas estratéxicas recollidas no apartado de Plans Anuais e/ou plurianuais.

Así as cousas, a valedoría mantense na actualidade inmersa nun proceso de cambio que nos próximos meses terá os seguintes hitos:

- 1º. Implantación da Sede Electrónica do Valedor do Pobo. Data prevista: primeiro semestre de 2019.
- 2º. Actualización do sistema informático para a tramitación de expedientes. Data prevista: primeiro semestre de 2019.
- 3º. Implantación dun sistema de accesibilidade para os sitios web do Valedor do Pobo. Data prevista: primeiro trimestre de 2019.
- 4º. Posta en marcha dun sistema de comunicación accesible para persoas con discapacidade auditiva mediante lingua de signos no Valedor do Pobo. Data prevista: primeiro trimestre de 2019.
- 5º. Elaboración de novos estudos e/ou informes monográficos. Data prevista: 2019:
 - Discapacidade psíquica e atención á saúde mental en Galicia.
 - Inclusión das persoas con síndrome de Down en Galicia.